Bases que rexerán a convocatoria pública para a selección, polo sistema de libre designación, do posto de xerente no organismo autónomo Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense

Primeira. Obxecto da convocatoria

É obxecto desta convocatoria a selección de xerente do organismo autónomo Consello Municipal de Deportes Grupo: A1; Escala: Administración especial; Subescala: Técnica; Clase: Superior. As súas funcións serán as establecidas no artigo 17 dos Estatutos do Consello e na ficha de relación de postos de traballo do Concello de Ourense.

Segunda. Requisitos

Para participar no procedemento selectivo requírese:

Ser español ou de calquera nacionalidade á que as leis outorguen iguais dereitos

Ser maior de idade

Ser funcionario de carreira ou laboral fixo das Administracións públicas, titulado superior, ou profesional do sector privado, titulado superior e con mais de cinco anos de exercicio profesional, neste último caso

Non estar separado ou sancionado con despedimento procedente, nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme

Todos os requisitos esixidos anteriormente deberán cumprirse no momento da presentación das solicitudes e conservarse ata o momento da formalización do contrato laboral especial de alta dirección, ou da toma de posesión, caso de ser funcionario.

Terceira. Presentación de solicitudes

1. As instancias serán dirixidas ao Presidente do Consello Municipal de Deportes de Ourense, e presentaranse no rexistro deste Organismo sito na Av. Pardo de Cela 2 Ourense (32003), ou no Rexistro xeral do Concello de Ourense. Tamén poderán ser presentadas nos lugares establecidos no artigo 2 do Real Decreto 772/1999, do 7 de maio.
2. O prazo de presentación será de dez (10) días hábiles seguintes ao de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.
3. Na instancia, ademais dos requisitos básicos das solicitudes administrativas, deberá conter necesariamente a declaración de reunir todas e cada unha das condicións esixidas para participar nesta convocatoria ao tempo da súa presentación, e *curriculum vitae*
4. Xunto coa solicitude deberán presentar copia do DNI ou documento equivalente, debidamente validada así como copia, tamén validada, dos documentos xustificativos dos méritos alegados. Todos os méritos deberán estar debidamente acreditados. Os méritos alegados e non probados segundo se indica, non se terán en conta.

Cuarta. Sistema selectivo

O sistema selectivo será a libre designación. O Consello Reitor, previo estudo e análise dos *curriculums* presentados, realizará a proposta motivada de nomeamento, podendo declararse deserta.

Quinta. Designación

O xerente será designado polo Presidente do Consello, a proposta do Consello Reitor, dentro do prazo dos vinte (20) días hábiles seguintes. Dentro deste prazo, o designado deberá presentar os documentos orixinais ou debidamente validados e acreditativos da capacidade esixida na base segunda, e tomará posesión do cargo. A formalización do contrato de alta dirección, de ser o caso, realizarase con suxeición ao establecido no RD 1382/1985 do 1 de agosto, podendo establecerse un período de proba de ata nove (9) meses.

Sexta. Retribucións

As retribucións serán as previstas no anexo de persoal do orzamento do Consello Municipal de Deportes de Ourense. Nivel complemento destino: 26; Complemento específico: 15,62.

Sétima. Xornada, horario de traballo e vacacións

Será a que legalmente lle corresponda. Así e todo, por razón das súas funcións, estará obrigado a prestar servizos en xornada de tarde, sábados ou festivos, cando a realización de reunións, sesións dos órganos de goberno ou outros actos representativos do Organismo autónomo ou relacionados co Organismo autónomo ou relacionados coas responsabilidades inherentes ao cargo así o demanden, ou cando a dinámica propia do cargo de xerente requira transitoriamente unha xornada superior á normal.

O xerente gozará das vacacións legalmente establecidas.

Oitava. Dedicación

O xerente terá a dedicación que se fixa na correspondente ficha da RPT. O exercicio do cargo será incompatible co exercicio de calquera profesión retribuída, sexa con carácter libre ou mediante o desempeño de calquera posto ou cargo na Administración Pública, ou co servizo en entidades privadas ou particulares, sendo de aplicación o réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, así como naqueloutras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

Novena. Obrigas

O xerente está obrigado a cumprir os servizos propios do seu cargo coa máxima dilixencia e colaboración, someténdose ás ordes ou instrucións adoptadas polos órganos de goberno do Consello no exercicio regular das súas funcións de dirección, de acordo cos Estatutos vixentes.

Décima. Impugnación

Contra a presente convocatoria e as súas bases, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes, no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte da súa publicación no BOP de Ourense; ou ben impugnalo directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous (2) meses desde o día seguinte ao da súa publicación.